

A curuxa, que agardaba a súa quenda para falar, respondeu:

- Dragón, non é a miña intención deixar sen alimento ao rato. As landras son necesarias para que crezan novas árbores, e se as come todas o bosque non poderá seguir medrando. Porén, soamente se necesita unha pequena parte da landra para que xermine un novo carballo, así que podemos facer un trato, pequeno roedor: podes levar algunhas das landras á túa tobeira, e comer a maior parte delas. Con que deixes un anaquiño será suficiente para que poda nacer deste unha nova árbore, e así non quedarían todas na mesma parte do bosque xa que non hai sitio para elas aquí. Axúdasme, entón, a repartir os restos das landras por outros lugares e así facilitar que o bosque se estenda?

- Claro que si! -contestou o rato saíndo do seu agocho- este acordo é bo para todos, porque así eu teño comida, e as landras poden crecer noutros lugares.

Andreia dirixiuse ao dragón e explicoulle:

- Ves Draco? Non hai que precipitarse, a curuxa propuxo unha solución coa que todos están contentos.
- Tes razón Andreia, a partir de agora tentarei responder ante as situacións de forma máis calmada.

